

Texto: **FRAN NUÑO**

Ilustracións: **ENRIQUE QUEVEDO**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

72 páxinas en color. ISBN 978-84-15250-15-9

Prezo: 14 €

# LA HORA DE LOS RELOJES

**Hay una hora secreta  
en la que el mundo se detiene,  
todo se paraliza,  
nadie se mueve...  
Y los relojes salen,  
hacen su recados,  
se cuentan poemas,  
dan paseos,  
se divierten...**

**MENCIÓN ESPECIAL "II PREMIO INTERNACIONAL  
CIDADE DE ORIHUELA DE POESÍA PARA NENOS"**

O tempo cronolóxico é o fio condutor das 33 composicións poéticas deste libro: creacións breves rebordantes de metáforas e figuras literarias que desprenden sonoridade, enxeño, sentido do humor e surrealismo. Versos que xogan coas onomatopeas, que debuxan caligramas e trazan unha imaxe humanizada destes obxectos cotiás: soñadores, medorentos, adiantados, enfermizos, excéntricos, lentos...



Fran Nuño versa sobre todo tipo de reloxos, antigos e modernos, reais e figurados; esmiza os seus elementos e engranaxes, dende as agullas ata o péndulo ou das badaladas; convirte a medida do tempo nun divertimento literario. As ilustracións de Enrique Quevedo son abstraccións laboriosas e detallistas. A xeometría domina a obra deste artista plástico, que tamén fai da cor unha ferramenta complementaria de comunicación visual, a base de sinxelos lapis. Simetrías, liñas rectas e curvas acompañan os minutos, segundos e horas que marcan estes curiosos reloxos.

**FRAN NUÑO** (Bilbao, 1973)

Escritor, dinamizador cultural e propietario dunha librería-editorial en Sevilla, cidade na que reside. Organiza actividades culturais en escolas, bibliotecas e salas de teatro. Colaborou durante anos en Radio Sevilla, recomendando libros para nenos e adultos. Tamén foi asesor de literatura infantil-xuvenil en Ediciones Toro Mítico (Almuzara). Publicou trece libros de literatura infantil-xuvenil, un manual de animación á lectura e un poemario para mozos e adultos. Recibiu varias mencións tanto como escritor, como polo seu labor a prol da lectura. A súa obra "El libro del pequeño lector" foi elixida polo Pacto Andaluz polo Libro para celebrar o Día da Lectura en Andalucía en 2008.

**ENRIQUE QUEVEDO** (Cádiz, 1967)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Sevilla na especialidade de Pintura, adicase profesionalmente ás Artes Plásticas. Obtivo a bolsa de paisaxe "El Paular" (Segovia) en 1993 e 1996. Na actualidade traballa coa galería La Caja China, de Sevilla, onde realizou as súas últimas exposicións. A súa obra tamén se expuxo en salas de Barcelona, Xerez e na feira ARCO de Madrid. Compaxina a creación artística coa actividade docente na Universidade de Sevilla.



- **Temática:** libro de poemas sobre o tempo cronolóxico
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** imaxes de estilo xeométrico; onomatopeas, caligramas; tipos de reloxos; a medida do tempo